

VALORES HUMANOS E CRISTIÁNS

A tolerancia ³

A tolerancia é o bo comportamento de respecto e diálogo coas persoas das diferentes culturas e relixións. A persoa tolerante expresa as súas crenzas e respecta as dos demais.

- 1 Realiza o cuestionario no teu caderno seguindo estes pasos:
 - a) Responde as preguntas escribindo o seu número e debuxando o círculo ou o triángulo.
 - b) Conta as túas respostas e consulta a puntuación.



ES TOLERANTE?

1. Relacionarme con persoas doutras relixións pode...
 - facerme máis comprensivo e dialogante.
 - ▲ traerme problemas.
2. Opino que as crenzas relixiosas deben...
 - respectarse e practicarse libremente na sociedade.
 - ▲ expresarse soamente en privado.
3. Na clase, cando un compañeiro opina diferente a min...
 - déixoo falar e trato de comprender a súa opinión.
 - ▲ déixoo falar, pero non o escoito.
4. Se o meu equipo vai perdendo un partido...
 - sígoo animando ata o final.
 - ▲ enfádome cos que non xogan ben.
5. Para que os demais me respecten, debo...
 - respectalos, escoitalos e dialogar.
 - ▲ demostrar que son máis forte ca eles.
6. Para que haxa boa convivencia entre as relixións...
 - todas deben coñecerse e respectarse.
 - ▲ unha debe impoñer as súas crenzas ás outras.

Puntuación

- 6 círculos: Parabéns, es unha persoa tolerante!
- 3 ou 4 círculos: Debes aprender a ser máis tolerante.
- Menos de 3 círculos: Esfórzate e serás tolerante.




- 2 Que comportamentos tes que desenvolver para seres unha persoa tolerante?

REPASO DA UNIDADE



RESUMO O MÁIS IMPORTANTE

1 Descifra e escribe no teu caderno.




Desde as orixes da historia ata a actualidade, a plenitude e a 5-4-8-7-2-7-3-1-3-4 do ser 6-15-9-1-10-11 están en 13-4-8-1-2-7-11-10 con 3-4-15-14.



COMPROBO O APRENDIDO

1 Copia e completa no teu caderno.



1. Tumba dos antigos exipcios para os faraóns.
2. Crenza cristiá sobre a vida despois da morte.
3. Nome co que os musulmáns chaman a Deus.
4. Relixión fundada por Buda.
5. Expresión humana do sentido relixioso e esforzo humano por relacionarse co divino.
6. Fundador do xudaísmo xunto con Abrahán.
7. Libro sagrado do islam.
8. Valor de respecto e diálogo cos demais.
9. Pobo ao que pertencía Noemí.

